



Guía Docente						
Datos Identificativos				2020/21		
Asignatura (*)	Organización e xestión da empresa		Código	730G05007		
Titulación	Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6		
Idioma	Castelán/Galego					
Modalidade docente	Híbrida					
Prerrequisitos						
Departamento	Enxeñaría Naval e Industrial					
Coordinación	Castro Santos, Laura	Correo electrónico	laura.castro.santos@udc.es			
Profesorado	Castro Santos, Laura	Correo electrónico	laura.castro.santos@udc.es			
Web						
Descripción xeral	Introducir na disciplina da xestión empresarial. Para iso deberán: conocer o concepto de empresa, marco institucional e xurídico da empresa, así como a súa estrutura organizativa e funcional; coñecer os sistemas de custos e os estados contables; coñecer e aplicar as técnicas de avaliación financeira de proxectos; e coñecer e aplicar as técnicas de planificación da producción.					
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos - Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen - Solución de problemas. - Traballo tutelado. - Proba mixta.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican - Sesión maxistral. Complementada a través de Teams e con vídeos.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado - Correo electrónico: Diariamente. De uso para fazer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. - Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. - Teams: Semanalmente. Para o avance dos contidos teóricos e prácticos da materia. Isto permite facer un seguimento normalizado e axustado ás necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver correctamente a materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación - Proba mixta: 40% - Traballo tutelado: 40% - Solución de problemas: 20%</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Convocatoria Ordinaria e Convocatoria Extraordinaria: A avaliación adaptarase á situación dese momento, podendo realizarse un exame de toda a materia en caso necesario para aqueles alumnos que non tiveran avaliación continua.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía - Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos los materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.</p>					



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A6	Coñecemento axeitado do concepto de empresa e o marco institucional e xurídico da empresa. Organización e xestión de empresas
B1	Que os estudiantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudio que parte da base da educación secundaria xeral e adoita encontrarse a un nivel que, áinda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vanguarda do seu campo de estudio
B3	Que os estudiantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudio) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B5	Que os estudiantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprenderen estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B6	Ser capaz de realizar unha análise crítica, avaliación e síntese de ideas novas e complexas
C1	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
C3	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras
C6	Valorar a importancia da investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados da aprendizaxe				
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título	
Coñecer el marco xurídico e institucional e da organización e xestión de empresas			A6 B1 B3 B5 B6	C1 C3 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
Os bloques ou temas seguintes desenvolven os contidos establecidos na ficha da Memoria de Verificación, que son:	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fundamentos básicos empresariais.</li> <li>- Función directiva.</li> <li>- Función económico-financeira.</li> <li>- Función de producción.</li> </ul>
BLOQUE I: FUNDAMENTOS BÁSICOS EMPRESARIAIS	<p>Tema 1: A empresa como sistema.</p> <p>Tema 2: Marco institucional e xurídico: clases de empresas.</p>
BLOQUE II: FUNCIÓN DIRECTIVA	<p>Tema 3: A planificación.</p> <p>Tema 4: A organización.</p> <p>Tema 5: A Dirección e o control</p> <p>Tema 6: A estratexia empresarial.</p>
BLOQUE III: FUNCIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA	<p>Tema 7: Fundamentos de análise de investimentos.</p> <p>Tema 8: O financiamento da empresa.</p> <p>Tema 9: Viabilidade de proxectos.</p>
BLOQUE IV: FUNCIÓN DE PRODUCCIÓN	<p>Tema 10: A producción e as operacións.</p> <p>Tema 11: A xestión da calidade.</p> <p>Tema 12: Dirección de proxectos.</p> <p>Tema 13: Xestión de aprovisionamentos.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 B5 B6 C1 C3 C6	30	30	60



Solución de problemas	A6 B5 B6 C1 C3 C6	24	0	24
Traballos tutelados	A6 B5 B6 C1 C3 C6	3	56	59
Proba mixta	A6 B1 B3 B5 B6 C1 C3 C6	3	0	3
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Solución de problemas	Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudiantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudiantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudiantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Proba mixta	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliação diagnóstica, formativa como sumativa.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Os traballos tutelados serán propostos ao longo do curso, polo que o alumnado será guiado no desenvolvemento dos mesmos, requirindo unha atención personalizada.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Traballos tutelados	A6 B5 B6 C1 C3 C6	Os traballos tutelados consistirán na realización dun plan de empresa repartido en varias entregas ao longo do curso.	20
Proba mixta	A6 B1 B3 B5 B6 C1 C3 C6	Proba ou probas escritas utilizadas para a avaliación da aprendizaxe.	70
Solución de problemas	A6 B5 B6 C1 C3 C6	A solución de problemas comprende tanto a realización de problemas, como as prácticas a través de TIC e o estudo de casos. As profesoras elixirán a metodoloxía más axeitada para o desenvolvemento dos contidos da materia.	10

Observacións avaliación
-------------------------



A materia dividese en duas partes: a primeira parte recolle os bloques I e II e a segunda os bloques III e IV.

Os alumnos elixirán ao comezo do cuatrimestre se queren avaliación continua ou non continua. A avaliación continua supón a asistencia a clase e a realización da solución de problemas e dos traballos tutelados.

No caso de avaliación continua:

Realizarase unha ou varias probas obxectivas para cada unha das partes. A avaliación de cada parte se realizará de forma independente cos baremos establecidos no recadro anterior.

Para a cualificación final da materia requírese aprobar ambas partes e que as probas obxectivas teñan unha nota igual ou superior a 4 puntos para facer media coa avaliación continua (solución de problemas e traballos tutelados) e coa outra parte da materia.

No caso de alumnos con algúna parte suspensa, deberán ir con dita parte ao exame da convocatoria ordinaria e/ou de segunda oportunidade (xullo), gardándose as notas dos traballos tutelados e da solución de problemas ata a convocatoria de segunda oportunidade.

No caso de que o alumno elixa a avaliación non continua, a calificación final será a nota obtida no exame final da convocatoria ordinaria ou de segunda oportunidade. Tendo en ámbolos casos a valoración de 70/100.

Nota: O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia será avaliado en función das súas particularidades específicas.

#### Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Hampton, David R. (1989). Administración . McGraw-Hill</li><li>- Jarillo, José Carlos (1993). Dirección estratégica. Mc Graw Hill</li><li>- Abancens, A. (1995). Organización empresarial: organización de la producción. Donostiarra</li><li>- Bueno Campos, E., Cruz Roche, I. y Durán, J. (2002). Economía de la empresa. Pirámide</li><li>- García del Junco, J. y Casanueva, C (2002). Fundamentos de Gestión Empresarial. Pirámide</li><li>- Thompson, Arthur (2008). Administración estratégica. Mc Graw-Hill</li><li>- Esteban Pérez, José (2009). Economía del sector marítimo. Instituto Marítimo Español</li><li>- Mochón Morcillo, F. et al. (2010). Empresa y economía industrial. Mc Graw Hill</li></ul>
Bibliografía complementaria	

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

#### Observacións

Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumplir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:&nbsp;1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático&nbsp;1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos&nbsp;1.3. De se realizar en papel:&nbsp; - Non se empregarán plásticos.&nbsp; - Realizaranse impresións a dobre cara.&nbsp; - Empregarase papel reciclado.&nbsp; - Evitarase a impresión de borradores. 2.

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.3. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os性os, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas?)

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías